

## EXCMO. CONCELLO DE LUGO

### ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de xullo de 2009, aprobou as bases que rexerán o CONCURSO DE PROXECTOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLOXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLOXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN E ADECUACIÓN DO CONTORNO DA RÚA DE SAN MARCOS **(Actuación incluída no proxecto URBAN (Iniciativa URBANA) do Concello de Lugo que conta cun 70% de cofinanciación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER) da Unión Europea).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### **1.- Entidade adjudicadora.**

**a) Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

**b) Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### **2.- Obxecto do concurso.**

**a) Descrición do obxecto:** As presentes Bases teñen por obxecto definir o procedemento e as condicións técnicas ás que han de axustarse as ofertas para a selección do equipo de profesionais que realizará os traballos previos, a redacción do proxecto básico e de execución en misión completa (con todos os proxectos específicos) e o proxecto arqueolóxico, así como a dirección facultativa e de execución das obras ata a súa liquidación, o seguimento arqueolóxico das obras calquera que fose o seu alcance e a coordinación de seguridade e saúde durante a súa execución na actuación de reurbanización da rúa de San Marcos e todos os espazos libres e xardíns da parcela da Deputación.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimiento:** aberto

**4.- Tipo de licitación.**

O presuposto total do contrato é de 90.000 €, IVE incluído

**5.- Obtención de documentación e información.**

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servicio de Contratación e Patrimonio
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) ( Zona de servicios: pertil do contratante)
- g) **Data límite de obtención de documentación e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións

**6.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

- a) **Data límite de presentación:** 40 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.
- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula 5 de las bases
- c) **Lugar de presentación:**  
**1ª Entidade:** Únicamente no Concello de Lugo, Oficina de Rexistro para garantir o anonimato dos concursantes.  
**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197  
**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

**7.- Apertura das ofertas.**

- a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales
- b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**  
MLA/rdi  
Refº: PEONALIZACIÓN RÚA SAN MARCOS  
Asunto: anuncio-

apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**8.- Outras informacións:** As que se recollen nos bases.

**9.- Gastos dos anuncios:** 165,60 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 14 de xullo de 2009

O ALCALDE,  
P.D. A TENENTA ALCALDE  
DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA

Asdo.: Sonia Mendez Garcia